

EXP: 1277/2021

DECRETO DE ALCALDÍA

Antecedentes

- Bases xerais polas que se establecen as normas para a selección de **1 CONDUCTOR** con carácter temporal (Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de Competencia Municipal para o exercicio 2021, da Deputación Provincial de Pontevedra), para prestar servizos no Concello de Caldas de Reis.
- Relación de candidatos remitida polo Servizo Público de Emprego o 25 de maio de 2021, oferta de emprego de **1 CONDUCTOR**
- Relación de instancias presentadas para formar parte do proceso selectivo

De conformidade co disposto nas citadas bases, e en uso das atribucións que me confire a normativa vixente, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Aprobar a lista provisional de persoas admitidas e excluídas que se relaciona:

Admitidas:

- **NINGUN**

Excluídas:

- **JOSE LUIS PORTELA BEAMUT (NON PRESENTOU TITULACION ESIXIDA)**
- **RAFAEL RIVEIRO MOUCO (NON PRESENTOU CAP)**

SEGUNDO.- Conceder un prazo de DOUS DÍAS NATURAIS, para subsanación de deficiencias e recusación dos membros do tribunal, nos termos previstos na Lei 40/2015, do 1 de outubro no seu caso; contados a partir do día seguinte da publicación desta resolución no Taboleiro de Edictos e na Sede Electrónica do Concello.

TERCEIRO.- Nomear ao Tribunal de selección que estará integrado polos seguintes membros:

PRESIDENTE:

Titular: D. Adolfo Méndez Baliñas, Operario Conductor no Concello de Caldas de Reis.

Suplente: José Luís González Paz, Xefe de equipo RSU do Concello de Caldas de Reis.

Vogais:

Titular: D. Jesús Magariños Fresco, Educador Familiar no Concello de Caldas de Reis.

Suplente: D. Carlos González Iglesias, Fontaneiro no Concello de Caldas de Reis

Concello de Caldas de Reis

C/ Ferrería, 1, Caldas de Reis. 36650 Pontevedra. Tfno. 986540002. Fax: 986530393



Titular: D. Nemesio Méndez Piñeiro, Operario de Servizos Múltiples no Concello de Caldas de Reis.

Suplente: D. Gerardo Cancela Guimarey, Operario de Servizos Múltiples no Concello de Caldas de Reis.

SECRETARIA:

Titular: D^a. Ana Isabel Fuentes Maquieira, Axente de Igualdade no Concello de Caldas de Reis.

Suplente: M^a Concepción Ferreiro Campañó, Técnico de xestión de persoal do Concello de Caldas de Reis

CUARTO.- Notificar o presente decreto e convocar aos membros do Tribunal para o vindeiro MIERCOLES, 9 DE XUÑO DE 2021 para as 9:30 hora no Edificio de Usos múltiples do Concello de Caldas (Antiga Escola Taller), sito na Travesía Dona Urraca, para a constitución do Tribunal e a continuación ás 9:15hrs terá lugar a proba práctica e a entrevista curricular.

Na celebración das probas do procedemento garantiranse as medidas de seguridade por mor do COVID19, tanto as que debe establecer o concello como administración convocante, como as que deben cumprir os/as candidatos/as que concorran en base ás normas vixentes no momento de celebración da proba, para asegurar a eficiencia na xestión da crise e a celebración presencial das probas correspondentes a este procedemento en condicións de seguridade e protección da saúde pública e da de todos aqueles que participen no proceso.

Deste xeito, se prexuízo das medidas que puideran chegar a adoptarse que leven a modificación das condicións de celebración das probas, por mor da evolución da crise sanitaria, se realizarán as mesmas co cumprimento de medidas de distanciamento impostas pola autoridade sanitaria e concretamente as que resultan da RESOLUCIÓN do 12 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, pola que se dá publicidade do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade publicada no DOG núm. 115 de 13.6.2020, así como as que resulten de aplicación polas modificacións posteriores da citada norma.

Os/as aspirantes asistentes á proba deberá cumprir, en todo momento, as medidas de distanciamento e seguridade impostas pola autoridade sanitaria competente e polo concello de Caldas de Reis e especialmente as seguintes:

Concello de Caldas de Reis

C/ Ferrería, 1, Caldas de Reis. 36650 Pontevedra. Tfno. 986540002. Fax: 986530393



1º. Cumprir coas distancias de seguridade (mantemento da distancia interpersoal en todo momento).

2º. Evitar cruces cando se faga uso de pasos ou vías estreitas onde non se poida gardar as medidas de seguridade, de ser o caso.

3º. Deberán acudir provistos de mascarilla e realizar a hixiene de mans obrigatoria (xel hidroalcohólico).

4º. Seguir, en todo momento, as indicacións dos membros do Tribunal.

5º As persoas aspirantes que teñan síntomas compatibles con COVID-19, e se lles diagnosticase a enfermidade e estean en illamento ou corentena polo contacto estreito con algunha persoa con síntomas ou diagnosticada nos últimos 14 días non poderá acceder ao recinto no que teñen lugar as probas.

As persoas aspirantes que non se podan presentar ao exame alegando sintomatoloxía de contaxio do Covid-19, é dicir, aqueles que se lles diagnosticase a enfermidade e estean en illamento ou corentena por contacto estreito con algunha persoa con síntomas ou diagnosticada nos últimos 14 días ou en situación de confinamento obrigatorio, en cumprimento do principio de igualdade nos procesos selectivos, se lles realizará unha segunda convocatoria, nunha data que non altere o desenvolvemento normal do proceso. En tal caso á persoa afectada, antes da data prevista para levar a cabo o exercicio, deberá solicitar e comunicar ao tribunal, a través do correo electrónico concello@caldasdereis.com, dita circunstancia, que deberá estar acreditada co informe facultativo correspondente. Na sede electrónica do concello publicarase o anuncio da segunda convocatoria, o que tamén se lle notificará persoalmente por teléfono e correo electrónico.

O tribunal cualificador sinalará a data de realización do exercicio en segunda convocatoria nun prazo NON inferior a 14 días naturais respecto o día non que tivo lugar ese exercicio.

6º Estas medidas poderán ser modificadas, en calquera momento, por mor da evolución da crise sanitaria e das instrucións e ordes das administracións con competencias en materia sanitaria. Calquera modificación destas medidas será anunciada coa antelación suficiente mediante anuncio no taboleiro electrónico de anuncios do concello, sen prexuízo de que, de forma complementaria, se publique na páxina web do concello.

O incumprimento das devanditas normas e instrucións poderán determinar a prohibición do acceso á celebración da/s proba/s do procedemento selectivo.

QUINTO.- Ordenar a publicación da presente Resolución no Taboleiro de Edictos e na Sede Electrónica do Concello de Caldas de Reis.

Documento datado e asinado á marxe.

